



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 09)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e oito de febreiro de dous mil vinde**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sras. Deputadas D^a. M^a. del Pilar García Porto e D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de febreiro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resulta obriga de tódolos poderes adxudicadores elaborar e publicar un plan anual de contratación.

Con data 9 de xaneiro de 2020 remitiuse aos diversos Servizos e Unidades desta Deputación unha solicitude de datos que permita elaborar dito plan, que resulta obrigatorio aos efectos do previsto no artigo 28.4 da LCSP 9/2017 de 8 de novembro.

Recibidos datos dos seguintes servizo:

SERVIZO DE ARQUITECTURA			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Contrato subministro enerxía eléctrica	522.133,41 €	2 anos + 1 ano	Xullo 2020
Contrato subministro Gas Natural canalizado	197.650,34 €	-	Abril 2020
Contrato subministro Gas Propano a granel	32.965,00 €	1 ano	Abril 2020
Contrato subministro Gasóleo C	38.720,00 €	1 ano	Setembro 2020



DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Contrato subministro Subministro Auga	37.052,35 €	1 ano	-
Contrato Servizo Mantemento Inst. Térmicas	46.117,14 €	2 anos + 1 ano	Outubro 2020
Contrato Servizo Mantemento Centros Transformación, liñas de MT e grupos electrógenos	7.895,25 €	2 anos + 2 anos	Marzo 2020
Contrato Servizo Mantemento Protección contra incendios	74.968,25 €	5 anos	Marzo 2020
Contrato Servizo Mantemento Portas Automáticas	9.700,00 €	1 ano + 1 ano	Abril 2020
Contrato Servizo Mantemento Ascensores	5.388,00 €	2 anos + 2 anos	Decembro 2020
Contrato Servizo Desratización, desinfección e desinsectación	11.000,00 €	2 anos + 2 anos	Setembro 2020
Contrato Obras de subsanación deficiencias instalacións térmicas	40.000,00 €	1 ano	Outubro 2020
Contrato obra de Subsanación deficiencias Protección contra incendios detectados por OCA	100.000,00 €	1 ano	Maio 2020
Contrato obras de subsanación eficiencia protección contra incendios detectados por OCA	100.000,00 €	1 ano	-
Contrato inspección OCA protección contra incendios	6.000,00 €	1 ano	-
Contrato inspección OCA centro transformación	3.000,00 €	1 ano	-
Contrato inspección OCA instalacións térmicas	6.000,00 €	1 ano	-
Contrato obra CAM Folgoso do Caurel	1.400.000,00 €	3 anos	Segundo convenio
Contrato obra CAM A Pontenova	1.997.861,25 €	2 anos	Segundo convenio
Contrato obra CAM Cervantes	663.525,00 €	3 anos	Segundo convenio
Contrato cuberta Palacio San Marcos	391.181,38 €	1 ano	Febreiro 2020
Contrato obra de reforma de instalación de BT y MT no parque móvil	75.000,00 €	1 ano	-
Contrato obra Modificación CT Granxa Gaioso-Castro	50.000,00 €	1 ano	-
Proxecto , tramitación, autorización, subministro e conexión fosa séptica S.Paio de Narla	25.000,00 €	1 ano	2020
SERVIZO DE BENESTAR			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Ascensores portas automáticas	9.564,00 €	24 meses	03/02/2020
Subministración periódicos CAM's	2.738,02 €	11 meses	03/02/2020
GLP CAM'S	89.205,00 €	12 meses	03/02/2020
Subministro de papelería/material de oficina	1.000,00 €	1 mes	03/02/2020
Posta en marcha incendios CAM A Fonsagrada	1.074,38 €	1 mes	03/02/2020
Posta en marcha incendios CAM Castroverde	1.033,06 €	1 mes	03/02/2020
Xornadas de desprendemento e feminista no rural	12.936,69 €	1 mes	05/02/2020
Equipación taquillas, vestuarios, armarios de baño CAM A Fonsagrada	8.264,46 €	2 meses	10/02/2020
Mantemento instalacións dos CAM'S	294,17 €	12 meses	15/02/2020
Día da Muller	13.636,36 €	1 mes	20/02/2020
Contratación das prestacións ás persoas maiores nos centros de atención ás persoas maiores dos municipios de Castroverde	506.662,63 €	42 meses	01/03/2020
Obras e equipación cocina Castroverde	42.454,55 €	3 meses	01/03/2020
Axudas técnicas e mobiliario sanitario	5.454,55 €	1 mes	01/03/2020
Prestacións de servizos termiais	52.800,00 €	24 meses	01/01/2020
Subministro farmacéutico Castroverde	826,45 €	1 mes	01/05/2020
Limpeza e DDD inicial posta en marcha CAM Castroverde	2.066,12 €	1 mes	01/05/2020
Equipación dos centros de atención ás persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro	227.272,73 €	3 meses	01/05/2020
Obras e equipación cocina Pedrafita do Cebreiro	54.545,45 €	3 meses	01/05/2020
Subministro lavandaría Pedrafita do Cebreiro	12.396,69 €	3 meses	01/05/2020
Contratación das prestacións ás persoas maiores nos centros de atención ás persoas maiores dos municipios de Pedrafita do Cebreiro	494.305,00 €	21 meses	01/06/2020

DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Lencería Pedrafita do Cebreiro	10.454,45 €	1 mes	01/09/2020
Instalacións térmicas e lexionelosis CAM's	8.925,62 €	24 meses	01/09/2020
Campaña en negro contra as violencias	12.395,87 €	1 mes	15/09/2020
Limpeza e DDD inicial posta en marcha CAM Pedrafita do Cebreiro	2.314,05 €	1 mes	15/09/2020
Equipación/mobiliario para os centros de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, Navia de Suarna e Meira	681.818,18 €	3 meses	15/09/2020
SERVIZO DE CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Exposición Tecer para creer	15.000,00 €	Marzo- Abril	05/03/2020
Programa promoción da artesanía 2020	15.000,00 €	1 ano	abril
Encontro de palilleiras	12.000,00 €	1 día	xuño
Artesanfroilán	16.000,00 €	2 semanas	02/10/20
Mercado de Nadal	16.000,00 €	3 semanas	decembro
Material de funcionamento ordinario talleres	15.000,00 €	1 ano	febreiro
SERVIZO DE INTERVENCIÓN			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Adquisición e implantación módulo de auditoría e control de rexistro contable de facturas na contabilidade da Deputación para a aplicación da Lei 6/2015 de 15 de xuño de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro de financiamento das CCAA e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira	3.000,00 €	1 ano	Xaneiro
Adquisición e implantación módulo control interno da Deputación para a aplicación do RD 424/2017, de 28 de abril	13.930,00 €	Anual renovable	Febreiro
Contratación servizos profesionais de auditores externos independentes para realización de traballos de auditoría de contas do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento do exercicio 2019 de acordo con Plan Anual de Control Financeiro	5.000,00 €	Anual renovable (1+1+1)	Abril
Contratación servizos profesionais de auditores externos independentes para realización de traballos de auditoría de subvencións concedidas pola Deputación Provincial de acordo con Plan Anual de Control Financeiro	15.000,00 €	Anual renovable (1+1+1)	Abril
Subscrición anual para 2020 revista "El Consultor de los Ayuntamientos"	770,40 €	Anual renovable	Xaneiro
Subscrición anual a COSITAL NETWORK para 2020	99,17 €	Anual renovable	Xaneiro
Subscrición a plataforma HACIENDA LOCAL de ESpúblico por período de 12 meses	8.069,16 €	Anual renovable (dende 09/05/2020 ata 08/05/2021)	Maio
Servizo de mantemento da aplicación informática Sicalwin e firmadoc	35.600,00 €	Prórroga dous anos	Marzo
SERVIZO DE CULTURA			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Actuacións musicais no Mes de Rosalía	10.000,00 €	-	-
Graffitis Mes de Rosalía	6.000,00 €	-	-
Actuacións teatrais Mes de Rosalía	16.000,00 €	-	-
Recitais Poéticos Mes de Rosalía	1.000,00 €	-	-
Publicidade Mes de Rosalía	15.000,00 €	-	-
Actuacións de LUCUS EMSEMBLE En clave delas	12.000,00 €	-	-
Publicidade En Clave delas	3.000,00 €	-	-
Talleres e Actuacións Lingua Viva	10.000,00 €	-	-



DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Exposicións e documentais Lingua Viva	30.000,00 €	-	-
Publicidade Lingua Viva	15.000,00 €	-	-
Actuacións seráns culturais	60.000,00 €	-	-
Publicidade seráns culturais	10.000,00 €	-	-
Actuacións e accións varias Cultura Aberta	100.000,00 €	-	-
Publicidade Cultura Aberta	20.000,00 €	-	-
Actuacións e accións Cultura sobre rodas	20.000,00 €	-	-
Publicidade Cultura sobre rodas	5.000,00 €	-	-
Actuacións musicais Outonos Culturais	60.000,00 €	-	-
Publicidade Outonos Culturais	10.000,00 €	-	-
Actuacións e accións Nadal cultural	170.000,00 €	-	-
Publicidade Nadal Cultural	20.000,00 €	-	-
Publicidade e difusión doutra actividade da área, subscricións diarios, etc..	65.400,00 €	-	-
Mantemento da aplicación informática axudas Área Cultura	4.000,00 €	-	-
SERVIZO DE DEPORTES			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Patrocinio Publicitario deportivo de equipos(S.A.) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da deputación de Lugo/Provincia de Lugo, C.B Breogán SAD Disciplina Baloncesto. Anualidade 2020	710.000,00 €	Dende a formalización e en función da temporada deportiva	Abril-maio 2020
Contrato do servizo de prestación da iniciativa de deporte e actividade física saudábel nos concellos da provincia de Lugo: Programa Movémonos	52.000,00 €	3 anos (v.e. 399.000,00 €)	Marzo-abril 2020
Volanta Deputación 2020	17.000,00 €	1 ano	Abril- maio 2020
SERVIZO DE FORMACIÓN			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Plan Agrupado Formación Continua	60.000,00 €	-	01/01/2020 a 15/11/2020
Plan Provincial Propio	55.000,00 €	-	01/01/2020 a 15/11/2020
Plan Interadministrativo en colaboración co INAP	2.000,00 €	-	De xuño a outubro 2020
Contratación consultores/formadores	8.000,00 €	-	De 01/04 a 31/12/2020
GRANXA			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Peches lateral e frontal da nave de gando e lateral e frontal da nave de maquinaria granxa experimental	50.208,95 €	-	-
Cuberta fosa de purín granxa experimental	73.036,25 €	-	-
Pavimentación do entorno da granxa experimental	176.853,81 €	-	-
Outras actuacións na granxa experimental	96.800,00 €	-	-
Substitución trazado aéreo liña eléctrica antiga unidade de leite	48.400,00 €	-	-
Modificación emprazamento centro de transformación eléctrico	48.400,00 €	-	-
Instalación xerador	48.400,00 €	-	-
Reparación e reforzo de abastecemento de auga	96.800,00 €	-	-
Reparación e reforma de oficinas	48.400,00 €	-	-
Reparación e reforma de espazos do antigo psiquiátrico para local de ferramentas e maquinaria antiga	48.400,00 €	-	-
Construción nave porcino celta segundo memoria protocolo	317.443,75 €	-	-
Mantemento de edificacións e instalacións	7.000,00 €	-	-
Material funxible agrícola ou gandeiro	12.000,00 €	1 ano prorrogable	-

DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Produtos para mantemento da maquinaria existente	2.500,00 €	1 ano prorrogable	-
Ferramenta	3.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Abonos e enmendas	40.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Sementes	12.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Produtos fitosanitarios	3.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Material funxible sanitario	3.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Material de cama de gando	15.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Forraxe para alimentación	40.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Palla para alimentación do gando	20.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Material para cama de gando na granxa experimental	40.000,00 €	1 ano prorrogable	-
Ensilado de herba	14.940,00 €	2 anos prorrogables	-
Ensilado de millo	14.400,00 €	2 anos prorrogables	-
Empacado de herba	17.000,00 €	2 anos prorrogables	-
Aplicación fitosanitarios	3.000,00 €	2 anos prorrogables	-
Preparación de terreos para sementeira de herba ou millo	7.500,00 €	2 anos prorrogables	-
Desbroces de praderías e en monte	15.000 €	2 anos prorrogables	-
Servizo veterinario de urxencia	3.000,00 €	2 anos prorrogables	-
Servizo veterinario de reprodución	6.000,00 €	2 anos prorrogables	-
Servizo de podoloxía	2.000,00 €	2 anos prorrogables	-
Mantemento de edificios e instalacións	7.000,00 €	2 anos prorrogables	-
Mantemento de sala de muxido	6.000,00 €	2 anos prorrogables	-
SERVIZO DE INFORMÁTICA			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
VIDEOACTAS. Subministro e implantación dun sistema de gravación de plenos e actas dixitais da Deputación Provincial de Lugo	50.400,00 €	4 meses	Marzo
EADMIN. Contratación do mantemento, desenvolvemento de novas funcionalidades sobre as aplicacións de administración electrónica e posta en marcha de arquivo electrónico G-EDE	144.000,00 €	2 anos + 2 anos	Marzo-abril
MICROINFORMÁTICA. Subministro de equipamento e material informático para a racionalización dos postos de traballo	100.000,00 €	1 ano + 1 ano	Junio
TELCO. Servizo de comunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, datos e acceso a internet)	1.850.000,00 €	2 anos + 2 anos	01/07/2020
IMPRESORAS. Subministración mediante arrendamento sen opción de compra e mantemento de equipos de impresión, copia e escaneo	495.000,00 €	2 anos + 1 ano	20/10/2020
LICENCIAS SW. Subministro de licenzas de software técnico: AUTOCAD, PRESTO, COREL	80.000,00 €	1 ano + 1 ano	Marzo- abril
ADECUACIÓN ENS. Implantación das medidas para a adaptación dos sistemas de información do CPD ao Esquema Nacional de Seguridade	200.000,00 €	1 ano	Setembro
UNED. Licitación subministro equipamento para Uned, dentro do Convenio Uned + Concello + Deputación	182.063,65 €	1 ano	Abril
GABINETE DE COMUNICACIÓN			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
PLAN MEDIOS. Redacción plan medios/comunicación, preparación e apoio técnico para a licitación dun contrato de publicidade por axencias de medios	15.000,00 €	1 ano	Febreiro
PUBLICIDAD. Contratación da publicidade institucional a través dunha axencia de medios	2.400.000,00 €	1 ano + 1 ano	Abril
SERVIZO DE PREVENCIÓN			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Servizo de prevención alleo	87.000,00 €	5 anos	02/02/2020



DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Recollida e eliminación de residuos biosanitarios especiais	255,16 €	1 ano	01/01/2020
Reposición botiquíns, adquisición de materiais de curas e medicación, material funxible dos desfibriladores dos centros da deputación de Lugo e materias para botiquín			
Lote 1 Reposición botiquíns, adquisición de materias de curas e medicación	3.000,00 €	Anual	01/01/2020
Lote 2 Material funxible dos desfibriladores dos centros da Deputación de Lugo e materiais para botiquín	3.000,00 €	Anual	01/01/2020
Adquisición de desfibriladores (Desa) para diferentes centros da Deputación de Lugo	12.000,00 €	-	01/01/2020
Equipos de protección individual (EPI'S)	37.056,82 €	Bianual	01/01/2020
SERVIZO DE RECADACIÓN			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Servizo de impresión, manipulado e entrega nas oficinas de Correos das comunicacións/notificacións	30.300,00 €	2 anos	29/06/2020
Servizos de subministración e impresión de sobres personalizados para a Deputación Provincial de Lugo	2.500,00 €	2 anos	-
Servizo de impresión de documentos personalizados para o Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección	11.000,00 €	2 anos	-
Contratación plataforma de comunicacións entre aplicacións informáticas que posibilitan a conectividade directa entre aplicacións informáticas	35.000,00 €	2 anos +(1+1)	-
Contrato de servizos de inspección tributaria	200.000,00 €	3 anos	-
Contrato de servizo de inspección dunha unidade tributaria nun Concello da Provincia de Lugo	Máximo 40.000€	< 1 ano	-
Contrato de mantemento da aplicación principal	-	-	-
Contrato de mantemento da Pregadora Bowe	2.400,00 €	2 anos	-
Contrato de valoracións periciais no procedemento recadatorio	19.000,00 €	2+(1+1)	-
Contrato xestor documental Base de datos	8.000,00 €		-
SECCIÓN DE MANTEMENTO			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Adquisición de material eléctrico	20.000,00 €	1+1	-
Adquisición de material de fontanería	10.000,00 €	1+1	-
Adquisición de material de ferretería	8.000,00 €	1+1	-
Adquisición de material de ferretería industrial	6.000,00 €	1+1	-
Adquisición de aceiros	3.000,00 €	1+1	-
Adquisición de madeiras	5.000,00 €	1+1	-
Adquisición roupa de traballo	5.000,00 €	-	-
Aluguer cesta elevadora	7.000,00 €	1 ano	-
Aluguer contedores residuos + xestión dos mesmos	7.000,00 €	1 ano	-
SERVIZO DE RRHH			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Póliza do seguro de vida e accidente para persoal e corporativos pertencentes a todos os centros xestores e servizos da Deputación de Lugo	220.000,00 €	2 anos	01/04/19
Prórroga do contrato de servizo de soporte e mantemento das licenzas de uso do sistema de backoffice do control horario da Deputación Provincial de Lugo coa empresa Abaco.	5.184,00 €	1+1	Dende o 16/04/2020

DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Prórroga do contrato do servizo de soporte e mantemento do sistema de información e xestión de Recurso Humanos coa empresa soluciones avanzadas en informática aplicada, S.L.	7.997,21 €	1+1	Dende o 30/04/2020
Subscripción “Renovación Anual da Subscripción Plataforma Dixital Qmemento plus social”	1.378,59 €	Anual	01/04/20
SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Servizo de aluguer de cabinas sanitarias autónomas de limpeza e mantemento diario no entorno do paseo do Río Rato e dos hortos urbáns de parque do Río Rato e Padarai	7.854,00 €	3 anos	Febreiro de 2020
Contratación do servizo de consultaría para adaptar e acadar o sistema de xestión ambiental en praias dos concellos da Mariña Lucense	8.400,00 €	2 anos	Marzo de 2020
Campus de emprendemento sostible das RR.BB	17.768,60 €	2 anos	Marzo de 2020
Servizo de traballo de campo e divulgación dos resultados do mesmo para poder instaurar o aproveitamento resineiro na reserva da Biosfera dos Ancares lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá	12.245,00 €	1 ano	Febreiro de 2020
Servizo de impartición de nocións teórico prácticas para levar a cabo o aproveitamento resineiro dos montes da reserva de Ancares Lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá	14.239,66 €	1 ano	Febreiro de 2020
Servizo de creación e xestión da semana provincial escolar da árbore e da auga	40.000,00 €	1 ano	Febreiro de 2020
Sinalización do patrimonio da reserva da biosfera os Ancares Lucenses	7.846,17 €	1 ano	Marzo de 2020
Roza de Rutas de Sendeirismo Os Ancares Lucenses	50.000,00 €	1 ano	Marzo de 2020
Xornadas de despoboación dos Ancares	10.000,00 €	1 ano	Setembro de 2020
Sinalización quilométrica do paseo do Rato	18.000,00 €	1 ano	Abril de 2020
Servizo de Dinamización, posta en valor e mantemento das áreas hortícolas urbáns do paseo do Rato e Paradaí da Deputación Provincial de Lugo	55.785,12 €	2 anos	Abril de 2020
Establecemento dun acordo de custodia do territorio no ámbito das Insuas do Miño e Ollos de Begonte	25.000,00 €	4 anos	Febreiro de 2020
Obras de mellora mantemento e posta en valor do centro de interpretación Terras do Miño	30.000,00 €	1 ano	Maio de 2020
Licitación de actividades de educación e divulgación ambiental	70.000,00 €	3 anos	Febreiro de 2020
Mellora e mantemento silvícola da ruta das Insuas nas Insuas do Miño	18.000,00 €	1 ano	Maio de 2020
Roteiros Medioambientais pola Reserva da Biosfera	6.000,00 €	2 anos	Abril de 2020
Servizo de organización de feiras agroecolóxicas	30.000,00 €	2 anos	Maio de 2020
Ferramentas, utensilios e materiais para a elaboración de traballos de campo	6.500,00 €	2 anos	Xuño de 2020
SERVIZO DE PARQUE MÓBIL			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Adquisición de furgoneta	21.400,00 €		En trámite
Adquisición de camión pluma	157.500,00 €		Febreiro de 2020
Subministro emulsión asfáltica	775.000,00 €	1 ano	En trámite
Prórroga subministro: Mezcla bituminosa en frío	43.200,00 €	1 ano	01/05/2020
Prórroga subministro: Combustible	289.256,19 €		21/07/2020



SERVIZO DE TURISMO			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Asistencia a feiras	45.000,00 €	-	-
Club Náutico Ponte do Sil e Club Náutico Portomarín	40.000,00 €	-	-
Club Náutico Ponte do Sil	10.000,00 €	-	-
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Insercións publicitarias en medios especializados e medios xeneralistas de comunicación social, material para divulgación / promoción das actividades turísticas e adquisición de material de divulgación e subscricións diarios, entre outros	200.000,00 €	-	-
Actividades promoción turística en centros escolares	13.500,00 €	-	-
Organización de xornadas de divulgación turística	45.000,00 €	-	-
Contratación de autocares para visita a exposicións da exposición Mar Interior	8.000,00 €	-	-
Merchandising	17.000,00 €	-	-
SERVIZO DE AUDIOVISUAIS			
DENOMINACIÓN DO CONTRATO	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PRAZO DE DURACIÓN ESTIMADO	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
Maiores 3.0	200.000,00 €	2+3	15/09/2020
Contrato Reparacións e mantemento equipamento técnico	14.999,00 €	2+3	Decembro 2020
Compra dereitos Música de Librería	2.400,00 €	Anual	25/04/2020
Alugueiro de maquinaria, instalacións e ferramentas (contratos menores, puntuais segundo actividade a desenvolver en proxectos prácticas alumnos)	1.500,00 €	Anual	-
Accións de Promoción e difusión: compra vestuario alumnos	14.999,00 €	Anual	Febreiro 2020
Papeis da Academia- Anuario 2020 da Academia Galega do Audiovisual (contrato menor, por exclusividade)	900,00 €	Anual	Decembro 2020
Talleres de formación para alumnos, ex alumnos, docentes e PAS	14.999,00 €	Anual	Setembro 2020
Guionización	7.200,00 €	Anual	Marzo 2020
Compra de subministración de materiais funxibles de electricidade e iluminación e para os centros de Formación e produción do Servizo de Audiovisuais (lámpadas, baterías, tarxetas de cámara bcn...etc)	14.999,00 €	Anual	Febreiro 2020
Compra de materiais diversos para a realización da actividade complementaria En camiño contra as violencias	5.000,00 €	Anual	Outubro 2020
Visitas formativas dos centros da provincia ao Servizo de Audiovisuais (Ticodiarío)	9.000,00 €	Anual	Febreiro 2020
Compra servidor almacenamento local	25.000,00 €	-	Marzo 2020
Compra 2 estacións de traballo 4K	20.000,00 €	-	Marzo 2020

Por canto antecede, propoño á Xunta de Goberno Local nas súas funcións de asistencia e ó abeiro das competencias residuais da Presidencia previsto nos artigos 35.2.a) e 34.1.o) da LBRL 7/85 do 2 de abril:

1º.- Aprobar o plan anual de contratación para o ano 2020, da Deputación Provincial de Lugo, no que se recollen as previsións de contratación da Deputación no citado exercicio. Todo iso

condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes, a tramitación dos expedientes de contratación e o mantemento das necesidades que motivan a súa previsión no plan anual de contratación 2020.

2º.- Publicar o plan anual de contratación para o ano 2020 na Plataforma de Contratación del Sector Público e no Portal de transparencia desta Deputación.

3º.- Publicar o anuncio de información previa, de conformidade co establecido no artigo 134.2 da LCSP en relación co artigo 28.4 dos contratos suxeitos a regulación harmonizada previstos, unha vez completen os Servizos os datos que requira dito anuncio previo.

4º.-Dar traslado deste acordo ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Contratación e Fomento e demais servizos implicados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG PARA O PARQUE MÓBIL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66VUHNBMH5JLUT6ANVA4LCAY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV66VUJM3YXM7VJY5UV475A66Y.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:
IV66WEC3PEZL7TUPWUXR6MLEIU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV66QMLYJVRSZWX3YROGKRPS4U.

Informe xurídico firmado polo Asesor Técnico de Contratación, e conformado pola
Secretaría Xeral, con CSV: IV66QML5HMBP7XB24V7RD5YQAE.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV:
IV66RSHTEB43ZPZZUNWECECXM4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que,
pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG ,
para a Deputación Provincial de Lugo, cunha duración inicial dun ano coa posibilidade dunha
prórroga anual.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas
administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado
no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no
expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á
natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor
considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a
selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o
contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e
incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación
dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a
través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 937.750,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 162.750,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 775.000,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020: 664.239,55 euros

Anualidade 2021: 273.510,45 euros

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021, a cantidade de 273.510,45 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente aos servizos de teleasistencia desta Deputación Provincial, realizados no mes de agosto do 2019, en execución da resolución da Presidencia de data 20/02/2020.*



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 24/02/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL19 2019/GAL19/478	31/08/2019	02/09/2019	2019/3232	21.227,82 €	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de agosto do 2019.
TOTAL					21.227,82 €	

Visto que consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia da Sección de Benestar Social e Igualdade, de data 08/10/2019, de que os servizos están prestados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura polo Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social.

Declaración responsable asinada en data 29/01/2020, polo representante de Servicios de Teleasistencia, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para a factura relacionada, de datas 11/10/2019 e 27/01/2020, explicitando nesta última as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas pola Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade.

Solicitud de consignación orzamentaria por parte do Servizo de Contratación e Fomento, de data 18/10/2019.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 14/02/2020, en relación coa existencia de crédito dispoñible no exercicio de procedencia no AD 22019/38370 da aplicación orzamentaria 19/2314.48910 incorporado ao exercicio 2020 á aplicación 2020/2314.4891055.

Informe deste Servizo, de data 17/02/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en dita factura, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 20/02/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 17/02/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura que seguidamente se relaciona:



EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL192019/GAL19/478	31/08/19	21.227,82	2314.48910	92020/238
TOTAL			21.227,82		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe da Xefa da Sección de Benestar, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 21.227,82 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos

suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.



De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención do 13 de febreiro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL19 2019/GAL19/478	31/08/2019	21.227,82	2314,489
TOTAL 21.227,82				

Procede informar:

Que tendo en conta o informe emitido polo servizo de Intervención do 13 de febreiro de 2020.

Que os servizos prestados foron estrictamente necesarios para dar cumprimento a:

Os Convenios de colaboración marco entre a Deputación e os concellos da Provincia de Lugo para o desenvolvemento dun Programa de Teleasistencia Domiciliaria dende o 1 de xaneiro de 2013. Estes convenios atópanse vixentes a día de hoxe.

A Ordenanza do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sendo publicada definitivamente no BOP de Lugo, núm. 204 do 05.09.2016 e as resolucións de concesión do servizo ao abeiro da mesma.

Así mesmo, salientar que os prezos e condicións das prestacións facturadas foron correctos e axeitados conforme ao estipulado no contrato do citado Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na

Provincia de Lugo, do cal foi adxudicataria Servicios de Teleasistencia, S.A., e cuxa vixencia rematou o 31.07.2019.

Non se achega decreto de novas altas co presente documento dado que dende a última factura tramitada dentro da vixencia do contrato sinalado correspondente ao Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, non se produciron novas altas no servizo (xullo de 2019).

Asemade, informar que previamente á conformidade da factura que ocupa este informe, se deu traslado a todos os concellos da provincia, adheridos e asinantes do convenio regulador do programa de Teleasistencia Domiciliaria, dos partes de baixas e dos usuarios e usuarias en activo correspondentes ao mes de agosto de 2019, sen que se recibise contestación nin oposición no prazo de 5 días hábiles concedidos ao efecto, polo que enténdese a súa conformidade en relación ás prestacións facturadas.

Salientar que consta iniciado o expediente de contratación do servizo de teleasistencia, estando neste momento aínda sen adxudicar, en concreto a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu aprobación, en sesión ordinaria do 21.05.2019, ao Impulso do Servizo de Teleasistencia da Deputación de Lugo, así como, de ser viable os servizos complementarios vinculados a esta, e á ordenación dos procedementos administrativos necesarios para garantir as prestacións, propias dos servizos, sendo a providencia de inicio do expediente de contratación asinada o 24.05.2019.

En todo caso, non se cumpriu o procedemento xurídico – administrativo correspondente debido á carga de traballo da sección de Benestar Social e Igualdade, a cal impediu poder cumprir cos tempos necesarios para poder levar a cabo este expediente, xa que a posta en marcha dos Centros de Atención a persoas Maiores de Trabada, Pol e Ribadeo dende esta sección, sen contar con máis persoal do habitual, fixo totalmente inviable e materialmente imposible axilizar máis, dita tramitación.

Que os servizos de teleasistencia foron prestados dende o 01.08.2019 ata o 31.08.2019.

Que a cantidade a aboar por estes servizos á empresa ascende a 21.227,82 € (C/IVE).



Que non procede a existencia de garantía pola propia natureza das prestacións facturadas.

Que este gasto foi estrictamente necesario, xa que deixar de prestar tal servizo social, podería poñer en risco a seguridade psicosocial de moitas das persoas usuarias que dependen nalgunha medida deste servizo.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación, actualmente ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 18/10/2019, explíctase que procede a validación da factura, ó terse constatado que non existen contratos en vigor que a amparen, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado antes da realización das mesmas.

En calquera caso o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflecten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos



públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL19 2019/GAL19/478	31/08/2019	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de agosto do 2019.	21.227,82 €
TOTAL				21.227,82 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito. (...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da factura emitida por Servicios de Teleasistencia, S.A., nº GAL19 2019/GAL19/478, de data 31/08/2019, dun importe total de 21.227,82 €, correspondente ós servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de agosto do 2019.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente ós servizos de control leiteiro oficial realizados na Granxa Gayoso Castro, en execución da resolución da Presidencia de data 27/02/2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 27/02/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE ENTRADA		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Africor Lugo	RC-1	23/05/2019	21/06/2019	14.960	1.939,56 €	Servizos de control leiteiro oficial realizados na Granxa Gayoso Castro (xullo e agosto do 2016, novembro e decembro do 2017, de xaneiro a decembro do 2018, e de xaneiro a abril do 2019).
TOTAL					1.939,56 €	



Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral, e con dilixencia da Dirección da Granxa Gayoso Castro, de data 15/11/2019, de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura polo Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 13/02/2020, polo representante de Africor Lugo, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas de datas 14/11/2019 e 19/02/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Director da Granxa Gayoso Castro.

Informe - Proposta deste Servizo, de data 20/02/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións incluídas na factura, por parte do Órgano de Contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 24/02/2020, en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia, no nivel de vinculación das aplicacións orzamentarias indicadas no seguinte recadro:

Facturas ás que substitúe a factura N° RC-1	Concepto	B.I.	IVE deducible	Aplicación Orzamentaria
N° AF-5840 de data 31/07/2016	Control leiteiro xullo – agosto 2016	181,68 €	18,17 €	16/4120.22799
N° AF-8408 de data 15/12/2017	Control leiteiro novembro – decembro 2017	184,68 €	18,47 €	17/4120.22799
N° AF-1097 de data 15/02/2018	Control leiteiro xaneiro – febreiro 2018	189,79 €	18,98 €	18/4120.22799
N° AF-2520 de data 15/04/2018	Control leiteiro marzo-abril 2018	177,18 €	17,72 €	18/4120.22799
N° AF-3946 de data 15/06/2018	Control leiteiro maio – xuño 2018	177,18 €	17,72 €	18/4120.22799

Facturas ás que substitúe a factura N° RC-1	Concepto	B.I.	IVE deducible	Aplicación Orzamentaria
N° AF-5366 de data 15/08/2018	Control leiteiro xullo – agosto 2018	171,66 €	17,17 €	18/4120.22799
N° AF-6773 de data 15/10/2018	Control leiteiro setembro – outubro 2018	167,24 €	16,72 €	18/4120.22799
N° AF-8164 de data 15/12/2018	Control leiteiro novembro – decembro 2018	169,46 €	16,95 €	18/4120.22799
N° AF-1058 de data 15/02/2019	Control leiteiro xaneiro – febreiro 2019	173,30 €	17,33 €	19/4120.22799
N° AF-2433 de data 15/04/2019	Control leiteiro marzo – abril 2019	171,08 €	17,11 €	19/4120.22799

Resolución da Presidencia, de data 27/02/2020, levantando o reparo de intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 26/02/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas dos anos 2016 2017 2018 e 2019,, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura n° RC-1, “por servizos de control leiteiro”, da empresa AFRICOR LUGO que rectifica as que seguidamente se relacionan:

N° FACTURA	DATA	IMPORTE (sen IVE)	IVE (deducible)	ADO	APLICACIÓN
AF-5840	31/07/2016	181,68	18,17	92020/1518	4120.22799
AF-8408	15/12/2017	184,68	18,47	92020/1519	4120.22799
AF-1097	15/02/2018	189,76	18,98	92020/1520	4120.22799
AF-2520	15/04/2018	177,18	17,72	92020/1495	4120.22799
AF-3946	15/06/2018	177,18	17,72	92020/1496	4120.22799
AF-5366	15/08/2018	171,66	17,17	92020/1497	4120.22799
AF-6773	15/10/2018	167,24	16,72	92020/1498	4120.22799
AF-8164	15/12/2018	169,46	16,95	92020/1499	4120.22799
AF-1058	15/02/2019	173,30	17,33	92020/1500	4120.22799
AF-2433	15/04/2019	171,08	17,11	92020/1501	4120.22799
SUMA		1.763,22			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Director da Granxa Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan as facturas, e así como



efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

En relación ós gastos realizados nos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019, existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.763,22 euros (máis o IVE deducible).

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e

aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 26 de febreiro do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.



En relación coa factura emitida por Africor Lugo N° RC-1, de data 23/05/2019, e un importe total de 1.939,56 €, correspondente a servizos de control leiteiro oficial realizados na Granxa Gayoso Castro (xullo e agosto do 2016, novembro e decembro do 2017, de xaneiro a decembro do ano 2018, e de xaneiro a abril do 2019) rectificativa das facturas que seguidamente se relacionan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA	ADO	APLICACIÓN	IMPORTE TOTAL
Africor Lugo	AF-5840	31/07/2016	92020/1518	4120.22799	199,85 €
Africor Lugo	AF-8408	15/12/2017	92020/1519	4120.22799	203,15 €
Africor Lugo	AF-1097	15/02/2018	92020/1520	4120.22799	208,74 €
Africor Lugo	AF-2520	15/04/2018	92020/1495	4120.22799	194,90 €
Africor Lugo	AF-3946	15/06/2018	92020/1496	4120.22799	194,90 €
Africor Lugo	AF-5366	15/08/2018	92020/1497	4120.22799	188,83 €
Africor Lugo	AF-6773	15/10/2018	92020/1498	4120.22799	183,96 €
Africor Lugo	AF-8164	15/12/2018	92020/1499	4120.22799	186,41 €
Africor Lugo	AF-1058	15/02/2019	92020/1500	4120.22799	190,63 €
Africor Lugo	AF-2433	15/04/2019	92020/1501	4120.22799	188,19 €
TOTAL					1.939,56 €

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 26 de febreiro do 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

En febreiro de 2016 (registro interno 878 de 5 de febreiro de 2016) presentouse unha proposta de aprobación de gasto M-2 para o pago de “Cotas e facturacións por servizos das asociacións gandeiras”, sen que a data de hoxe fose aprobado dito procedemento. Entre estes servizos figura a prestación dun servizo de control leiteiro oficial, obrigatorio para todas as ganderías de produción de leite, como é o caso da Granxa Gayoso Castro.

Polo tanto ao non terse aprobado o gasto proposto en febreiro de 2016, e ao ser os servizos necesarios polo cumprimento dunha obriga legal, é polo que se realizaron as prestacións.

O período de realización dos aludidos servizos foi o seguinte:

NÚMERO FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO: PERÍODO SERVIZO CONTROL LEITEIRO
AF-5840	199,85 €	Xullo – agosto 2016
AF-8408	203,15 €	Novembro – decembro 2017
AF-1097	208,74 €	Xaneiro – febreiro 2018
AF-2520	194,90 €	Marzo – abril 2018
AF-3946	194,90 €	Maio – xuño 2018
AF-5366	188,83 €	Xullo – agosto 2018
AF-6773	183,96 €	Setembro – outubro 2018
AF-8164	186,41 €	Novembro – decembro 2018
AF-1058	190,63 €	Xaneiro – febreiro 2019
AF-2433	188,19 €	Marzo – abril 2019

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1.939,56 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación dos servizos, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

No citado informe-proposta deste Servizo de data 20/02/2020, proponse recoñecer a obriga, aprobar o gasto e ordenar o pagamento da factura RC-1 de data 23/05/2019 emitida por Africor Lugo, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en



semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gastos propostos, tratándose de gastos realizados nos exercicios orzamentarios de 2016, 2017, 2018 e 2019, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Africor Lugo	RC-1	23/05/2019	Servizos de control leiteiro oficial realizados na Granxa Gayoso Castro (xullo e agosto do 2016, novembro e decembro do 2017, de xaneiro a decembro do 2018, e de xaneiro a abril do 2019)	1.939,56 €
TOTAL				1.939,56 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.



Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da factura emitida por Africor Lugo nº RC-1, de data 23/05/2019, e un importe total de 1.939,56 €, correspondente ós servizos de control leiteiro oficial realizados na Granxa Gayoso Castro (xullo e agosto do 2016, novembro e decembro do 2017, de xaneiro a decembro do 2018, e de xaneiro a abril do 2019).

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DE ANEXO DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado de Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de outubro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases e anexos que regulan o Programa Tecendo Emprego para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva. As devanditas bases, os anexos e a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) Nº 239 de data 18 de outubro de 2018.

Co fin de redactar con maior exactitude o Anexo VIII, de acordo a transposición da lexislación comunitaria en materia de minimis (Regulamento 1407/2013, Regulamento (UE)

1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento (CE) 717/2014 de 27 de xuño de 2014) modifícase o anexo quedando redactado do seguinte xeito:

No Anexo VIII

Así mesmo declara que:

Non solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de mínimos (Regulamento 1407/2013, Regulamento (UE) 1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento (CE) 717/2014 de 27 de xuño de 2014.) no exercicio fiscal no que se recoñeza o dereito legal a percibir a axuda e nos dous exercicios anteriores.

Si solicitou ou obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de minimis no exercicio fiscal no que se recoñeza o dereito legal a percibir a axuda e nos dous exercicios anteriores (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

ORGANISMO CONCEDENTE	OBJECTO DA AXUDA	IMPORTE OBJETO DA AXUDA	ANO(SOLICITUDE OU CONCESIÓN)	ESTADO DA AXUDA(*)

(*) Solicitada ou concedida

	IMPORTE
IMPORTE TOTAL das axudas de minimis	

Tendo en conta o exposto anteriormente , propónse a Xunta de Goberno:

Aprobar a modificación do Anexo VIII, quedando como definitivo o que se acompaña a presente proposta”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA AO PREMIO EMPRENDENDO NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que o 15 de novembro de 2018 publicanse no BOP de Lugo as bases da convocatoria dos Premios Emprendendo no Rural.

Considerando que con data 28 de decembro de 2018 aprobase en Xunta de Goberno a relación definitiva de beneficiarios do premio por importe de 10.000,00 €, entre os que se atopa Don Alonso Vázquez Salar.

Tendo en conta o establecido no artigo 11 das bases do programa:

“As achegas dos premios previstas no artigo 5 faranse mediante transferencia bancaria condicionada á posta en marcha do proxecto, este realizarase nun único pago logo de aportar a documentación que xustifique o inicio da actividade e o certificado de conta bancaria.

Este premio quedara anulado si a data 31 de agosto de 2019, a idea empresarial galardoada non se materializou a través dalgunha forma xurídica legal”

O beneficiario materializou a idea empresarial galardoada, entregando a documentación que acredita a constitución dunha Sociedade Limitada, baixo a denominación “RADIS IBERICA, SOCIEDADE LIMITADA”. Revisada a documentación realizase o pago do premio de 10.000 € con data 17 de outubro de 2019.

Tendo en conta que con data 28 de xaneiro de 2020 Don Alonso Vázquez Salar, presenta escrito de renuncia ao premio. Procedendo de forma voluntaria á devolución do:

Importe do premio por 10.000 € o 21 de xaneiro de 2020 e

Xuros de demora por importe de 99,60 € o 5 de febreiro de 2020.

Tendo en conta que solicitado o calculo de xuros de demora o Servizo de Tesourería, compróbase que o importe ingresado e correcto.

Tendo en conta o exposto anteriormente, proponse á Xunta de Goberno:

Aceptar a renuncia ao premio de 10.000 € da primeira edición “Emprendendo no Rural” e ao peche do expediente de Don Alonso Vázquez Salar.

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	IMPORTE PREMIO	DATA RENUNCIA
2019/ERU_01/000001	Alonso Vázquez Salar	10.000 €	28/01/2020

(*) O Beneficiario D. Alonso Vázquez Salar, procedeu á devolución do premio e dos xuros de demora a través do número de conta de “RADIS IBERICA, Sociedade Limitada” entidade baixo a que materializou a idea galardoada e na cal se fixo o ingreso de premio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN, SE PROCEDE, DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E UNIFORMIDADE/ROUPA DE TRABALLO DESTINADOS Á PLANTILLA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2020, acordouse aprobar a Proposta de Presidencia referida ao expediente do título.

A Proposta de Presidencia contén referencias a dous CSV incorrectos, que non foron correctamente transcritos.

Así, onde di:

“4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66QUJ4ZQXZLKPNECT5E672HE4.

5. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV66QUICZ5Z7JOZM6I45AMYWMQ”.

Debe dicir:

“4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66Q2I4HXVPQX4DYX7TOQKKE.

5. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV66Q2POGBG6T6GTWVAMOJXGKQ”.

Enténdese este erro como material, incardinable no artigo 109.2 da Lei 39/2015. Considérase necesaria a corrección do erro detectado por ser un erro patente, non sometido a opcións, non cualificador de aspectos xurídicos, nin ser cuestionable por tratarse de cuestións opinables ou que esixen unha valoración xurídica. Se trata dun erro que, unha vez corrixido, non cambia o contido do acto administrativo no que se produciu o erro. Dedúcese do conxunto de datos e antecedentes incorporados ao expediente e formúlase por razóns de claridade e transparencia.

A rectificación non afecta aos pregos aprobados, nin aos informes nin ao contido material da proposta. Trátase unicamente dun erro de transcripción de ditos códigos CSV na proposta de presidencia.

Polo que á vista do exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

Proceder á subsanación do erro material detectado na Proposta de Presidencia da contratación da subministración de equipos de protección individual e uniformidade/roupa de traballo destinados á plantilla da Deputación de Lugo, aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2020 de tal forma que quede redactado tal e como segue:

Onde di:

“4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66QUJ4ZQXZLKPNCT5E672HE4

5. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV66QUICZ5Z7JOZM6I45AMYWMQ”

Debe dicir:

“4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66Q2I4HXVPQX4DYX7TOQKQKE

5. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV66Q2POGBG6T6GTWVAMOJXGKQ”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



8.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN, SE PROCEDE, DE ERROS NOS ANEXOS, MODELOS DE CONTA XUSTIFICATIVA PARA PERSOA FÍSICA E PERSOA XURÍDICA, DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/OU GANDEIRO DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019. RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/OU GANDEIROS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Área do Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Cooperación e asistencia aos concellos de data 19 de febreiro de 2019 no que se di:

“Apreciado erro de transcripción nos Anexos, modelos de conta xustificativa para persoa física e persoa xurídica anexo IV TER, relación clasificada de gastos da actividade subvencionada con medios propios, e anexo VI, declaración responsable doutras axudas, aprobados pola xunta de Goberno de data 3 de maio de 2019, procede a corrección de erros nos seguintes termos:

Onde di:

Anexo IV TER

Relación clasificada de gastos da actividade subvencionada
con medios propios

DOCUMENTO	EMISOR		DESCRIPCIÓN DO GASTO				IMPORTE TOTAL sen IVE
Identificación	Nome ou Denominación Social	CIF	Uds. (hora, Ha...)	Descrición da actuación	Cantidades	Prezo unitario (€)	
MEDIOS PROPIOS							

Debe dicir:

Anexo IV TER

Relación clasificada de gastos da actividade subvencionada con medios propios

DOCUMENTO	EMISOR		DESCRIPCIÓN DO GASTO					IMPORTE TOTAL sen IVE
Identificación	Nome ou Denominación Social	CIF	Descrición da actuación	Data de execución	Uds. (hora, Ha...)	Cantidades	Prezo unitario (€)	
MEDIOS PROPIOS								

Anexo VI

Declaración responsable doutras axudas

Onde di:

Que non recibín nin solicitei axudas de mínimos nos dous exercicios fiscais anteriores e no presente exercicio fiscal doutras entidades.

CONVOCATORIA	ORGANISMO OU ENTIDADE	IMPORTE CONCEDIDO OU SOLICITADO	ANO

Debe dicir:

Que non recibín nin solicitei axudas de mínimos no exercicio fiscal no que se recoñece o dereito legal a percibir a axuda nin nos dous exercicios anteriores.

CONVOCATORIA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE OBXECTO DA AXUDA	ANO (SOLICITUDE OU CONCESIÓN)	ESTADO DA AXUDA (*)

* Solicitada ou concedida.”



Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno a súa corrección nos termos anteriormente mencionados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE INCREMENTO DE CRÉDITO ORZAMENTARIO DESTINADO AO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/OU GANDEIRO DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019. RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/OU GANDEIROS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a base 5 do programa de Apoio ao sector agrícola e/ou gandeiro da provincial de Lugo, ano 2019, contempla a posibilidade de que o crédito poda verse ampliado.

“Base 5.- Contía máxima da axuda e incompatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a esta actuación ascende a cantidade de 100.000,00 € que se efectuará con cargo a aplicación orzamentaria 4590.779 do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 (liña 6 do Plan Estratéxico de Subvencións).

Non obstante, ao amparo do establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvenciones de Galicia, este crédito poderá verse ampliado sempre que o aumento veña derivado de:

Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito non suporá, en ningún caso, a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes. ...”

Por Resolución da Presidencia de data 13 de febreiro de 2020 aprobouse a incorporación de remanentes nº 3 ao Orzamento xeral de 2020, da Deputación Provincial de Lugo, concretamente no capítulo 7

APLIC. ORIXE	DESCRICIÓN	APLICACIÓN DESTINO	RC	A	D	TOTAL
4590.779	OUTRAS INFRAEST. OUTRAS TRANSF.	4590.77955	42.540,15	100.000,00	0,00	142.540,15

O que supón un incremento de 42.540,15€, cantidade suficiente para atender todas as solicitudes que compren os requisitos para poder ser beneficiarias.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Incrementar o crédito destinado ao Programa de Apoio ao sector agrícola e/ou gandeiro da provincial de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/ou gandeiro, en 42.540,15€, ascendendo á cantidade destinada a esta actuación a 142.540,15€, con cargo a aplicación orzamentaria 4590.77955 do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 42.540,15€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.